


Seguridade e Restauración

Como protexer a web antes de facer cambios e arranxar erros de forma rápida e segura.



O noso sistema: As Páxinas Ocultas




Para evitar perder información valiosa se algo rompe mentres editamos, utilizamos un sistema manual de «**Páxinas de Respaldo**».

Das seccións máis importantes sempre hai unha copia exacta gardada e **oculta para o público**, pero visible para nós no panel de IONOS.

☐ Recoñécense pola etiqueta **(Non visible)** ou por chamarse «... Copia».

Protexerse antes de editar

Antes de facer un cambio grande — como modificar a portada de Inicio ou reestruturar Servizos — crea sempre a túa copia de seguridade.



Unha vez completados estes pasos, podes editar a páxina orixinal sen medo. Se algo sae mal, a túa copia permanece intacta.

Como restaurar a web tras un erro

Se rompemos a páxina orixinal e non ten arranxo, o proceso de restauración é sinxelo:

1

Borrar a orixinal

Elimina sen medo a páxina estragada coa icona da papeleira.

2

Localizar a copia

Busca a páxina oculta chamada «*Copia Seguridade...*» no panel.

3

Renomear

Quíttalle a palabra «**Copia**» do nome para recuperar o título orixinal.

4

Mostrar na navegación

Desmarca «**Ocultar na navegación**». A web volve visible para os veciños.

5

Verificar nos índices

Asegúrate de que a páxina apareza nos índices e na árbore de páxinas correcta. Comproba que estea enlazada desde a navegación principal.

Boas Prácticas: Mantén o Panel Limpo

O sistema de copias é moi útil, pero esixe orde. Un panel cheo de copias vellas xera confusión e dificulta o traballo diario.



Se todo saíu ben

Borra a copia de seguridade vella para manter o panel limpo.



Se aínda estás a traballar

Garda a copia ata estar seguro de que a actualización funciona correctamente.